

**A BRECHA SALARIAL PERSISTE PORQUE SE INFRAVALORA O
TRABALLO DAS MULLERES**

22 DE FEBREIRO, DÍA POLA IGUALDADE SALARIAL

Secretaría de Igualdade, Xuventude e Movementos Sociais de UGT - Galicia



**22 DE FEBREIRO DE 2018
SECRETARÍA DE IGUALDADE
UGT-GALICIA**

ÍNDICE

Diferenzas entre enquisas	2
Brecha salario/hora na unión europea 2015. EUROSTAT	3
Ganancia por hora normal traballada. INE	4
Brecha salarial	5
Salario medio anual	6
Salario por comunidades autónomas	8
Complementos salariais	9
Salario mínimo interprofesional	9
Mulleres asalariadas por sectores e brecha salarial	10
Sector público/privado	14
Tipo de contratación	14
Tramos de idade	15
Salarios por nivel de estudos	15
Prestacións por desemprego	16
Pensións	17
Conclusións	21

Por que segundo a estatística europea os últimos datos de brecha salarial é do 14,9 % e segundo a estatística española é do 22,86 %?


Cálculo da brecha salarial	
Eurostat (Estatística Europea)	INE (Estatística Nacional) Enquisa Anual de Estrutura Salarial (*)
Salario hora 14,9 %	Salario Medio Anual 22,86%
Utilízase no día Europeo da Igualdade Salarial (variable segundo brecha salarial)	Utilízase no día da Igualdade Salarial en España (22 de febreiro)
En UGT, temos en conta a brecha do salario hora para a Campaña “Yo trabajo gratis”, en consonancia con todos os países da Unión Europea. Esta data de inicio de campaña é variable en función da porcentaxe de brecha salarial entre mulleres e homes en cada un dos países da Unión Europea.	Temos en conta a brecha en retribucións medias anuais para elaborar os nosos informes coincidindo co 22 de febreiro, sinalado no noso país como o Día da Brecha Salarial entre mulleres e homes.
A mostra de Eurostat só inclúe as empresas de máis de 10 traballadores e traballadoras. Deixa fóra ao 95,69 % das empresas españolas. Das 3.236.582 empresas que hai en España, só o 4,31%, (139.403 empresas) teñen máis de 10 traballadores e traballadoras.	Inclúe todas as empresas independentemente do seu tamaño.
Quedan excluídas da enquisa as actividades agrícolas, gandeiras e pesqueiras; parcialmente, a Administración Pública, Defensa e Seguridade Social obrigatoria (está incluído o persoal empregado público pertencente ao Réxime Xeral da Seguridade Social); o persoal doméstico e os organismos extraterritoriais.	Na Enquisa Anual de Estrutura Salarial, exclúense as mesmas actividades que na enquisa de Eurostat.
O salario hora, inclúe os pagos por horas extraordinarias realizadas, pero exclúe calquera gratificación considerada irregular como as gratificacións extraordinarias, comisións ou beneficios, aínda que estas forman parte das retribucións.	Os salarios medios anuais tamén exclúen calquera gratificación considerada irregular como as gratificacións extraordinarias, comisións ou beneficios, aínda que estas forman parte das retribucións.
As persoas empregadas son todas as que teñen un contrato de emprego directo coa empresa ou unidade local e reciben unha remuneración, independentemente do tipo de traballo realizado, o número de horas traballadas (tempo completo ou parcial) e a duración do contrato (fixo ou indefinido).	Analiza os salarios de todos os traballadores e traballadoras por conta allea, excepto presidencias, membros de consellos de administración e en xeral todo aquel persoal cuxa remuneración non sexa principalmente en forma de salario, senón por comisións ou beneficios. É dicir, quedan fóra os salarios máis elevados, xeralmente percibidos por homes.

*A Enquisa Cuatrienal de Estrutura Salarial analiza un maior número de variables sobre unha mostra máis ampla

En ambos os casos só se analiza unha parte da brecha salarial entre homes e mulleres, o que impide coñecer a brecha salarial real, que incita a pensar que é aínda máis elevada da que coñecemos coas estatísticas de que dispoñemos.

BRECHA SALARIO/HORA NA UNIÓN EUROPEA 2015. EUROSTAT

A brecha salario/hora en España é do 14,9%. Mentres que a brecha media na Unión Europea reduciuse lixeiramente, a brecha salarial en España mantense no mesmo porcentaxe respecto ao ano anterior. En España a brecha salarial, triplica as brechas de Italia e Luxemburgo e duplica a brecha de salarios entre mulleres e homes de Polonia.



Fonte: Elaboración propia a partir datos de Eurostat

En España a brecha salarial, triplica as brechas de Italia e Luxemburgo e duplica a brecha de salarios entre mulleres e homes de Polonia. Alemaña cunha brecha do 22% aprobou recentemente unha Lei de igualdade salarial para corrixir estas diferenzas nos salarios que son o resultado da confluencia dunha serie de discriminacións cara ás mulleres que acceden a un emprego remunerado, que teñen a súa orixe en outorgar un valor inferior aos traballos desempeñados por mulleres.

No noso país chegou o momento de esixir tamén unha lexislación específica que reforce as vías de eliminación de discriminacións cara ás mulleres prohibidas nos sucesivos Tratados da Unión Europea e na maioría das lexislacións europeas. A vía máis disuasoria para a eliminación das brechas salariais pasa por sancións exemplares de idéntica contía á que as empresas deixaron de pagar ás mulleres, ademais de reparar ás mulleres polas contías que deixaron de percibir.

GANANCIA POR HORA NORMAL TRABALLADA. INE

As mulleres galegas, tras as canarias, murcianas e estremeñas, son as que menor retribución por hora perciben de todo o Estado, e súa retribución é un 14,2% inferior á dos homes galegos.

<i>euros/hora</i>	Mulleres	Homes	Brecha salarial
Total Nacional	13,80	16,04	14,0
Andalucía	12,98	15,05	13,8
Aragón	13,19	15,74	16,2
Asturias	13,08	16,52	20,8
Baleares	13,45	14,76	8,9
Canarias	11,98	13,13	8,8
Cantabria	12,26	15,44	20,6
Castela e León	12,80	14,88	14,0
Castela – A Mancha	12,92	13,94	7,3
Cataluña	14,37	16,96	15,3
Comunidade Valenciana	12,65	14,85	14,8
Estremadura	12,18	13,48	9,6
Galicia	12,24	14,27	14,2
Madrid	15,45	17,87	13,5
Murcia	12,16	14,41	15,6
Navarra	14,80	18,05	18,0
País Vasco	16,99	19,49	12,8
Rioxa, A	13,34	15,08	11,5


Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Ano 2015. INE.

A ganancia por hora normal traballada é unha variable non afectada pola temporalidade nin a parcialidade no emprego. Dado que as mulleres teñen maior temporalidade na contratación e maior peso da contratación a tempo parcial, isto pode ser utilizado como escusa para xustificar unha ganancia media anual inferior, que coa ganancia por hora normal de traballo non se podería xustificar. Aínda así, deixando de lado a temporalidade e a parcialidade, a muller galega percibe un 14,2% de salario menos por hora traballada que un home.

BRECHA SALARIAL GALICIA

As mulleres galegas perciben un salario medio anual inferior nun 22% ao dos homes, o que supón que para percibir o mesmo salario terían que traballar 71 días máis cada ano

Brecha salarial entre homes e mulleres (%). Galicia. Ano 2010-2015



Fonte: Enquisa Anual de Estructura Salarial Anos 2010- 2015. INE.

Tendo en conta os últimos datos da Enquisa Anual de Salarios, a do ano 2015, publicada o 28 de xuño do ano 2017, a brecha salarial entre homes e mulleres é de 21,98% de media anual en Galicia, polo que incluso é 0,17 puntos superior á existente no ano 2010, último ano da pasada década.

A pesar de que no ano 2012 a brecha salarial acadou a porcentaxe máis alta cun 24,2%, e de que nos anos 2013 e 2014 descendeu, de novo, no ano 2015, volve a incrementarse en Galicia, o que pon de manifesto que se ben a aparente recuperación económica non está chegando á sociedade

en xeral, as mulleres volven a saír máis prexudicadas, recaendo sobre elas en maior medida a precariedade xeneralizada do mercado de traballo.

Isto implica que para unha muller o ano non remata o 31 de decembro en termos salariais, senón que para poder cobrar a mesmo salario anual que un home, tendo en conta 251 días laborais, as mulleres galegas terían que traballar 71 días máis que os homes ao ano.

SALARIO MEDIO ANUAL GALICIA

A diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia no ano 2015 foi de -5.096,50 €. No último ano, os salarios dos homes en Galicia incrementáronse de media en 684,71 euros, fronte a 296,23 euros no caso das mulleres.

Ganancia media anual	Mulleres	Homes	Diferenza	%M/H
2010	17.691,11	22.626,21	4.935,1	21,8
2011	17.291,96	22.381,85	5.089,89	22,7
2012	16.727,15	22.059,69	5.332,54	24,2
2013	17.258,21	22.522,55	5.264,34	23,4
2014	17.797,03	22.505,05	4.708,02	20,9
2015	18.093,26	23.189,76	5.096,5	22,0

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Anos 2010- 2015. INE.

A diferenza salarial entre homes e mulleres en Galicia lonxe de diminuír, acrecéntase, xa que se no ano 2014 unha muller galega percibía de media 4.708,02 euros menos ao ano que os homes, no ano 2015 esta diferenza incrementouse en 388,48 euros, elevándose ata os 5.096,5 euros. Os salarios femininos incrementáronse de media 296,23€ mentres que os masculinos o fixeron en 684,71€.

As mulleres galegas perciben no ano 2015 un salario medio similar ao que percibían os homes galegos no ano 2005

	Homes	Mulleres
2005	17.974,15	13.342,46
2015	23.189,76	18.093,26

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Anos 2005 e 2015. INE.

Para atopar o salario medio masculino similar ao das mulleres galegas no ano no 2015 (18.093,26 euros) témonos que remontar dez anos atrás, ao ano 2005, ano no que os homes galegos percibían (17.974,15 euros); co queda unha vez máis de manifesto a gran precariedade salarial á que se enfrontan as mulleres.

Por motivo da brecha salarial, as mulleres en Galicia deixaron de percibir 2.441,2 millóns de euros no ano 2015

	Retribución media anual mulleres	Retribución media anual homes	Brecha en euros	Mulleres ocupadas	Total brecha en millóns de euros
2010	17.691,11	22.626,21	-4.935,10	501.800	2.476,4
2014	17.797,03	22.505,05	-4.708,02	473.700	2.230,2
2015	18.093,26	23.189,76	-5.096,50	479.000	2.441,2

Fonte: EES 2010 e 2014 e EPA

A brecha salarial traducida en euros, supón que as mulleres galegas deixaron de percibir 2.441,2 millóns de euros no ano 2015, e isto deixando á marxe o que supoñería o traballo non retribuído das mulleres que se desempeña dentro do ámbito familiar coidando menores, maiores, persoas dependentes e realizando as tarefas do fogar, no que non entrarían só as mulleres ocupadas.

SALARIO POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

O salario medio anual das mulleres galegas é un 9,8% inferior ao salario medio das mulleres do conxunto do Estado. Galicia é a quinta CCAA onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo.

	Mulleres	Brecha Mulleres galegas s/resto	Homes	Brecha salarial
Total Nacional	20.051,58	9,8	25.992,76	22,9
Andalucía	18.340,96	1,4	24.200,20	24,2
Aragón	18.950,17	4,5	25.555,56	25,8
Asturias	18.925,34	4,4	26.514,68	28,6
Baleares	19.517,28	7,3	23.411,35	16,6
Canarias	18.279,76	1,0	21.336,72	14,3
Cantabria	17.955,79	-0,8	25.259,83	28,9
Castela e León	18.523,74	2,3	24.135,64	23,3
Castela A Mancha	18.097,55	0,0	22.765,56	20,5
Cataluña	20.946,56	13,6	27.514,06	23,9
Comunidade Valenciana	17.811,38	-1,6	23.919,14	25,5
Estremadura	17.304,65	-4,6	21.813,81	20,7
Galicia	18.093,26	0,0	23.189,76	22,0
Madrid	23.470,06	22,9	29.314,09	19,9
Murcia	17.540,27	-3,2	23.773,09	26,2
Navarra	20.563,08	12,0	28.727,37	28,4
País Vasco	23.537,06	23,1	31.088,99	24,3
Rioxa, A	18.762,15	3,6	24.532,64	23,5

Fonte: Enquisa Anual de estrutura salarial Ano 2015. INE.

Os ingresos medios das mulleres galegas (18.093,26 euros) foron -1.958,32 euros inferiores á media dos salarios medios das mulleres do conxunto de comunidades autónomas (-9,8%). As mulleres galegas perciben un 23,1% menos de salario que as mulleres vascas e un 22,9% menos que as madrileñas (consideradas estas por ter os maiores salarios).

Só en Cantabria, Comunidade Valenciana, Estremadura e Murcia, as mulleres perciben salarios inferiores ás galegas, polo que somos a quinta CCAA cos salarios femininos máis baixos de toda España, e o que si queda de manifesto, é que en todas as comunidades autónomas os salarios das mulleres son moito máis baixos que os dos homes.

COMPLEMENTOS SALARIAIS

Os complementos salariais son unha das claves que explican o diferencial salarial entre homes e mulleres

Galicia 2014. Composición do Salario Bruto Anual

	Homes	Mulleres	Diferenza	Brecha
Salario bruto	22.505,05	17.797,03	4.708,02	20,9
Pagos extraordinarios	2.738,91	1.976,25	762,66	27,8
Valoración en especie	56,77	25,15	31,62	55,7


Fonte: Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial Ano 2014. INE.

Un factor que en moitos casos explica o por que da existencia da brecha salarial é a existencia ou non de complementos salariais e o seu peso sobre o total de salario bruto. O peso que teñen os complementos salariais no caso do salario bruto anual dos homes é moi superior, (762,66 euros máis) ao das mulleres, o que supón unha brecha do 27,8%; actuando sobre estes poderíase reducir en boa medida a desigualdade nos salarios entre homes e mulleres.

SALARIO MÍNIMO INTERPROFESIONAL. ESPAÑA

Dúas de cada tres persoas que perciben salarios por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional son mulleres, o 69,37%

Poboación asalariada que perciben por debaixo do SMI. España.



Fonte: Enquisa de Estrutura Salarial e da EPA do INE

Non existe explicación crible, e menos xustificable, para que as mulleres sexan as maiores destinatarias dos salarios máis baixos. A infravaloración do traballo das mulleres é unha das causas e consecuencia de que sexan perceptoras de salarios tan pequenos.

As subidas do SMI para os próximos anos acordadas polos interlocutores sociais e validadas polo Congreso dos Deputados o pasado 6 de febreiro, poden mellorar lixeiramente a situación das mulleres, xa que son case o 70% das que perciben, como máximo o SMI. O acordo recolle unha subida do 4% en 2018, ata alcanzar os 736,01 euros en 14 pagas, o 5% en 2019 ata alcanzar os 773 euros e do 10% en 2020, ata alcanzar os 850 euros mensuais.


Desde UGT-Galicia consideramos que a subida nos aproxima ao obxectivo de alcanzar o 60% do salario medio tal e como ratificou España na Carta Social Europea, aínda que somos conscientes de que é insuficiente e que en 2020 haberá que revisar este acordo. E para non esperar tanto, defendemos que a representación sindical que participa nas mesas de negociación colectiva, esixan salarios por encima dos 1.000 euros mensuais, para que se faga efectivo o reparto da riqueza que desde distintas estancias políticas e empresariais non deixan de proclamar. Esta medida beneficiaría maioritariamente ás mulleres que son as que perciben os salarios máis baixos en todos os sectores de actividade e en todas as ocupacións.

MULLERES ASALARIADAS POR SECTORES E BRECHA SALARIAL

Nos sectores nos que hai maior porcentaxe de mulleres a brecha salarial é máis elevada, con excepción de educación. En todos os sectores os salarios dos homes son superiores aos das mulleres, con excepción das industrias extractivas.

A segregación horizontal que soportan as mulleres é unha evidencia. Todos os sectores con alta presenza de mulleres están peor retribuídos e sofren unha brecha salarial por encima da brecha media do conxunto de sectores de actividade do noso país. A excepción do sector da Educación que cunha presenza do 67% de mulleres, a brecha redúcese ata o 9,34%.

O sector de actividades administrativas e servizos sociais cun 33,99% de brecha, o de Outros Servizos cun 33,73% e actividades inmobiliarias cun 32,73% son os sectores cunha maior brecha salarial, nos que a porcentaxe de mulleres asalariadas nos mesmos é do 55,82%, 65,89% e 66,89% respectivamente. O sector que conta cunha maior porcentaxe de mulleres, 78,68%, é o de actividades sanitarias e de servizos sociais, que ten unha brecha do 27,23%.




Fonte: Enquisa de Estrutura Salarial e EPA. España 2015

Parece que se evidencia que as actividades nas que a presenza de mulleres é maioritaria os salarios deben ser menores, pero non así os dos homes que traballan neles.

A Enquisa Anual de Estrutura Salarial só permite coñecer os salarios das Comunidades Autónomas para dous grandes grupos de produción: a Industria e os Servizos. **En ambos sectores as mulleres galegas perciben menos salarios que a media das mulleres do conxunto do Estado.**

Galicia, cun 28,09%, é a terceira Comunidade Autónoma na que a brecha salarial na Industria é máis alta (6,55 puntos superior á media nacional). As mulleres galegas empregadas no sector da industria teñen unha brecha salarial do 18,19% respecto á media do conxunto das mulleres do Estado neste sector.




Fonte: Enquisa de Estrutura Salarial

No sector da Industria, cunha brecha media a nivel nacional do 21,54%, Galicia sitúase como a terceira Comunidade Autónoma cunha brecha máis elevada (28,09%), despois de Murcia cun 35,16% e de Castilla-La Mancha cun 31,43%.

O salario medio anual dos homes galegos que traballan na industria é de 25.587,40 euros, fronte aos 18.399,79 euros que ganan as galegas empregadas neste sector (7.187,61 euros de diferenza). As mulleres galegas empregadas no sector da industria teñen unha brecha salarial do 18,19% con respecto á media do conxunto de mulleres do Estado (4.090,83 euros menos).

No sector servizos un home galego cobra de media ao ano 4.788,7 euros máis que unha muller. A brecha salarial é do 20,97% neste sector (1,23 puntos inferior á media nacional). Pero as

mulleres galegas perciben un 9,04% menos de salario ao ano que o conxunto de mulleres do Estado empregadas neste sector.



Fonte: Enquisa de Estrutura Salarial

A brecha salarial no sector servizos en Galicia 1,23 puntos inferior á media do Estado. A brecha é máis baixa que no sector da construción porque os homes galegos ocupados nos servizos perciben unha retribución media anual de 22.832,22 euros fronte aos 25.587,38 euros que cobran de media na industria (2.755,16 euros menos); mentres que as mulleres galegas no sector servizos perciben de media anual 18.043,52 euros (356,27 euros menos que na industria).

As mulleres galegas empregadas no sector servizos perciben ao ano 1.793,58 euros menos de que o conxunto das mulleres do Estado, o que supón unha brecha salarial de 9,04%.

SECTOR PÚBLICO/PRIVADO

A brecha salarial nas empresas de control público sitúase no 5,9% fronte ao 26,8% nas empresas de control privado

Galicia 2014 / 2010. Ganancia media anual por control da empresa (público/privado)

	Mulleres	Homes	Diferenza	% 2014
Público	26.473,66	28.142,92	-1.669,26	5,9
Privado	15.689,60	21.436,50	-5.746,90	26,8

Fonte: Enquisa Cuadrienal de Estrutura Salarial. Ano 2014 e 2010. INE.

Tendo en conta a Enquisa cuadrienal de Estrutura Salarial 2014 do INE a brecha salarial en empresas de control público é do 5,9% fronte ao 26,8% nas empresas de control privado.

TIPO DE CONTRATACIÓN

A contratación indefinida garante uns salarios máis elevados (onde o número de mulleres é inferior) e reflicte unha brecha salarial superior.

Galicia 2015 / 2010 Ganancia media anual por persoa traballadora, sexo e tipo de contrato

	Mulleres	Homes	Diferenza	% 2015
Indefinida	18.869,56	24.897,54	-6.027,98	24,2
Determinada	14.899,91	16.436,17	-1.536,26	9,3

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial Ano 2015 e 2010. INE.

A maior temporalidade diminúe a brecha salarial, sendo nos contratos de duración indefinida nos que se amosa un maior diferencial entre homes e mulleres. No ano 2015 en Galicia houbo 308.100 homes con contratos indefinidos (cuxo salario é superior nun 24,2% ao feminino) fronte a 288.600 mulleres; e 97.900 homes con contrato de duración determinada fronte a 105.600 mulleres (cunha brecha dun 9,3%).

Os salarios dos contratos temporais son moi inferiores aos de duración indefinida, onde as mulleres son maioría. Pola contra, na contratación indefinida, onde son máis homes que mulleres, ademais de ter ganancias moi superiores, a diferenza salarial media elévase a 6.027,98€ (-1.536,26 euros nos temporais)

TRAMOS DE IDADE

A maior idade maior brecha salarial, pero non por un feito positivo senón porque como xa se veu a temporalidade diminúe a fenda, e a temporalidade é moito máis elevada nas idades máis novas.

Galicia 2015/2010. Ganancia media anual por persoa traballadora, tramo de idade e sexo

	Mulleres	Homes	% M/H 2015
Todas as idades	18.093,26	23.189,76	22,0
Menos de 25 anos	-9.200,34	-11.517,71	20,1
De 25 a 34 anos	15.726,38	17.868,80	12,0
De 35 a 44 anos	18.052,62	22.624,14	20,2
De 45 a 54 anos	19.247,51	25.747,53	25,2
55 e máis anos	20.242,44	26.701,74	24,2

Nota: Cando aparece un signo '-' antes do dato, indica que o número de observacións mostrais está comprendido entre 100 e 500, polo que a cifra é pouco fiable e hai que interpretala con cautela.

Fonte: Enquisa Anual de Estrutura Salarial. Ano 2015 e 2010. INE.

As mulleres de máis de 45 anos son as que sofren brechas salariais máis elevadas, do 25,2% no colectivo feminino de 45 a 54 anos e do 24,2% no de 55 e máis anos. Pero non quere dicir que sexa máis igualitario o mercado laboral nas persoas novas, senón que hai maior temporalidade, e como se constatou anteriormente, a maior temporalidade menor brecha salarial entre homes e mulleres.

SALARIOS POR NIVEL DE ESTUDOS

Unha muller non percibe de media un salario superior aos 18.400 euros que os homes ingresan tendo estudos primarios, ata ter unha Diplomatura universitaria ou similar.

	Mulleres	Homes	Diferenza	Brecha
Todos os niveis	17.797,03	22.505,05	-4.708,02	20,9
Primaria	11.588,57	18.448,46	-6.859,89	37,2
1ª etapa secundaria	13.944,47	18.737,82	-4.793,35	25,5
2ª etapa secundaria	16.285,84	21.835,72	-5.549,88	25,4

FP superior e similares	-16.542,73	22.479,59	-	-
Diplomatura universitaria e similar	22.217,96	-30.005,45	-	-
Licenciatura, doutoramento e similar	28.058,84	34.611,95	-6.553,11	18,9

Nota: Cando aparece un signo '-' antes do dato, indica que o número de observacións mostrais está comprendido entre 100 e 500, polo que a cifra é pouco fiable e hai que interpretala con cautela.

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos EES 2014

A igual nivel de estudos as mulleres perciben menos salario que os homes con independencia da categoría analizada.

A brecha salarial supera o 25% en todos os niveis analizados excepto no caso de ter unha licenciatura, doutoramento ou similar (18,9%), aínda que neste caso a diferenza elévase aos 6.553,11 euros. A brecha dispárase aínda máis no caso dos estudos primarios, alcanzando unha diferenza do 37,2%.

A táboa reflicte que un home con estudos primarios percibe unha retribución media de 18.448,46 euros, mentres que unha muller, para alcanzar dita retribución salarial necesita ter unha Diplomatura universitaria ou similar. As mulleres licenciadas ou doutoras están a 6.553,11€ de alcanzar o salario dos homes licenciados ou doutores, que ascende a 34.611,95€.

PRESTACIÓNS POR DESEMPREGO

As beneficiarias de prestación por desemprego son menos (sendo máis as desempregadas mulleres que homes, 116.143 mulleres fronte a 96.415 homes en 2016) e a contía que perciben é inferior á dos homes nun 14,3%

	Persoas desempregadas con prestación		Prestación media anual		
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Diferenza
2016	127.162	116.904	3.326€	2.851€	-475€

Fonte: AEAT "Mercado de trabajo y pensiones en las fuentes tributarias" Ano 2016

A pesar de que o mercado de traballo se enfrenta na actualidade a altos niveis de desemprego, isto non se ve compensado cunha cobertura social adecuada, e máis no caso das mulleres.

Desde sempre as mulleres teñen menos acceso ás prestacións por desemprego debido ás escasas cotizacións, tanto en termos temporais como monetarios, derivada das súas condicións de contratación e salario, polo que moitas son as situacións nas que non se acadan os mínimos requiridos para ser beneficiarias deste tipo de prestación o que deriva en que a súa situación de risco de exclusión e vulnerabilidade sexa superior á dos homes.

Nesta análise non podemos esquecer ás 26.865 (dato ano 2016) traballadoras do anterior réxime especial do fogar da Seguridade Social (agora integradas no réxime xeral coma un sistema especial) que non teñen dereito a desemprego.

PENSIÓNS

O noso sistema de pensións contributivas da Seguridade Social presenta unha grande disparidade respecto ao xénero. As mulleres soportan importantes diferenzas cos homes, non só en canto ao número das que reciben prestacións económicas, senón tamén en canto ao tipo e a contía media das súas pensións. Esta brecha de xénero non é máis que un reflexo da gran cantidade de desigualdades e discriminación que experimentan as mulleres ao longo da vida e na súa carreira profesional. En particular, polos fenómenos de segregación e polas interrupcións da carreira profesional, as circunstancias sociais e familiares de quen accede a unha pensión (sendo a situación das viúvas a de maior vulnerabilidade), as tarefas de coidado que recaen de forma case exclusiva sobre as mulleres e que as levan a interromper reiteradamente as súas carreiras de cotización e se ven na obriga con máis frecuencia a recorrer ao traballo a tempo parcial. Todos estes elementos unidos repercuten negativamente sobre as pensións das mulleres, polo que é urxente adoptar medidas neste sentido.

A aparente neutralidade no cálculo das pensións, baseado nas cotizacións que eles e elas realizan ao longo da vida laboral, prexudica ás mulleres por ter carreiras de cotizacións máis curtas, con interrupcións constates provocadas por saídas periódicas do mercado laboral e por ser as principais receptoras da contratación a tempo parcial. A fórmula de cálculo resulta claramente discriminatoria, respecto á utilizada para o emprego a tempo completo, tal e como denunciámos reiteradamente, o que xera unha brecha nas pensións que reciben mulleres e homes que resulta inaceptable.

Como consecuencia da brecha salarial existente, se temos en conta os días de máis que teñen que traballar as mulleres ao ano para percibir o mesmo salario que un home en Galicia, equivalería ao longo dunha vida laboral de 36,5 anos cotizados (os esixidos no 2018 para poder percibir a pensión máxima de xubilación), a nada máis e nada menos que 10,3 anos máis de traballo para percibir as mesmas cantidades por traballos de igual valor.

No caso das pensións de xubilación as mulleres galegas perciben un 37,7 por cento menos de salario que os homes (5.556,74 euros menos ao ano).

Pensións contributivas da Seguridade Social por clases e importe medio. Galicia 2017

	Total pensionistas				Contía media (euros)		
	Homes	%H	Mulleres	%M	Homes	Mulleres	Brecha
Total	352.579	46,47	406.121	53,53	967,89	612,61	-36,71
Incapacidade permanente	46.646	66,87	23.113	33,13	888,88	727,38	-18,17
Xubilación	272.062	57,71	199.406	42,29	1.052,76	655,85	-37,70
Viudedade	18.937	10,11	168.358	89,89	401,79	564,58	28,83
Orfandade	12.737	53,13	11.236	46,87	373,78	371,46	-0,62
Favor familiar	2.197	35,40	4.008	64,6	459,82	492,92	6,71

Fonte: Fonte: Seguridade Social. Media anual 2017

Da análise das pensións contributivas da Seguridade Social en Galicia no ano 2017 compróbase un importe medio mensual de 612,61 euros para as mulleres, moi inferior aos 967,89 euros que perciben os homes.

A maior brecha que soportan as mulleres no noso sistema de Seguridade Social corresponde ás pensións de xubilación, cun 37,7 por cento. O importe medio que perciben as mulleres sitúase nos 655,85 euros, fronte aos 1.052,76 euros dos homes, diferenza que multiplicado por 14 pagas, supón 5.556,74 euros menos ano ano.

Onde si existe unha diferenza salarial a favor das mulleres atopámolo no caso das pensión de viuvez, aínda que o importe medio para as mesmas sitúase nos 564,58 euros, se ben non podemos obviar que a maior parte dos homes que perciben esta pensión a compatibilizan coas

rendas do traballo ou con outra pensión do sistema, mentres que no caso das mulleres, o habitual é que esta pensión sexa a súa única fonte de ingresos.

326.013 mulleres galegas perciben pensións de xubilación inferiores ao SMI fronte a 153.976 homes. De media, as mulleres galegas perciben a pensión de xubilación máis baixa de toda España.

Importes pensións de xubilación por tramos

2017	Homes	%	Mulleres	%	Diferenza M/H
Ata 500 euros	64.440	29,70	152.535	70,30	98.913
De 500 a 707,69	89.536	34,04	173.458	69,96	83.922
Menos de 707,70 (SMI 2017)	153.976	32,08	326.013	67,92	172.037
707,70 a 1.000	75.097	65,18	40.122	34,82	-34.975
1.000 a 1.500	61.092	69,32	27.035	30,68	-34.057
1.500 a 2.000	29.251	78,55	7.988	21,45	-21.263
2.000 a 2.573,71	33.172	84,83	5.934	15,17	-27.238
Máis de 2.573,71	1.451	67,46	700	32,54	-751

Fonte: Seguridade Social. Decembro 2017

As mulleres teñen unha presenza moi maioritaria nos tramos máis baixos das pensións, o 70,30 por cento das persoas que perciben unha pensión inferior aos 500 euros en Galicia son mulleres, e o 67,92 por cento no caso das pensións inferiores ao Salario Mínimo Interprofesional.

A partir deses tramos as cifras invértense e son os homes os que perciben o 65,18 por cento das pensións de contía entre o SMI e os 1.000 euros, e a medida que imos ás pensións máis altas, as súas porcentaxes son superiores, percibindo o 84,83 por cento das pensións de entre 2.000 e 2.573,71 euros.

As mulleres duplican aos homes entre quen percibe pensións inferiores ao SMI (326.013 mulleres fronte a 153.976 homes). Pola contra, 198.612 homes galegos perciben pensións de entre o SMI e 2.573,71 euros, fronte a 81.079 mulleres.

Por Comunidades Autónomas, Galicia é onde a pensión media das mulleres é a máis baixa de todas España, con 655,85 euros.

Mentres que no ano 2002 a diferenza entre a pensión de xubilación dun home e dunha muller en Galicia era de 188,48 euros, no ano 2017 elévase a 396,91 euros

Evolución das pensións de xubilación

	Número		Importe medio (euros)			
	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Diferenza	Brecha
2002	237.695	193.147	567,03	378,55	-188,48	33,24
2006	242.410	191.575	707,81	545,03	-253,78	35,85
2010	253.923	192.403	875,55	546,71	-328,84	37,56
2014	268.348	197.041	997,18	617,99	-379,19	38,03
2016	271.375	198.862	1.041,41	646,71	-394,65	37,90
2017	272.062	199.406	1.052,76	655,85	-396,91	37,70

Fonte: Media anual. Seguridade Social

Entre os anos 2002 e 2017, incrementábase o número de homes que perciben unha pensión de xubilación en Galicia en 34.367, fronte a tan só 6.259 mulleres.

En canto ás diferenzas no importe medio destas pensións, lonxe de diminuír, foise incrementando co paso dos anos, xa que se ben no ano 2002 a diferenza entre a pensión media dun home e dunha muller era de 188,48 euros, no ano 2017 sitúase nos 396,91 euros.

O 77,1% das pensións non contributivas de xubilación son percibidas por mulleres sendo o importe medio das mesmas 365,48 euros

Persoas beneficiarias das pensións non contributivas de xubilación da Seguridade Social segundo sexos

Homes	%	Mulleres	%	Importe medio
5.624	22,89	18.944	77,11	365,48

Fonte: IMSERSO. Decembro 2017

Das persoas beneficiarias de pensións de xubilación non contributivas da Seguridade Social en Galicia un 77,1% son mulleres, evidenciando así que son moitas as que ao final da súa vida laboral

teñen que recorrer ao último recurso posible, as pensións non contributivas, sendo o importe medio das mesmas no ano 2017 de 365,48€ (datos do IMSERSO), o que amosa as dificultades ás que se enfrontan as mulleres tras a xubilación, xa que moitos son os casos nos que a pesar de ter cotizado, os períodos non son suficientes para acceder a unha pensión contributiva.

CONCLUSIÓNS

- A brecha salario/hora en España é do 14,9%. Mentres que a brecha media na Unión Europea reduciuse lixeiramente, a brecha salarial en España mantense no mesmo porcentaxe respecto ao ano anterior. En España a brecha salarial, triplica as brechas de Italia e Luxemburgo e duplica a brecha de salarios entre mulleres e homes de Polonia.
- As mulleres galegas, tras as canarias, murcianas e estremeñas, son as que menor retribución por hora perciben de todo o Estado, e súa retribución é un 14,2% inferior á dos homes galegos.
- As mulleres galegas perciben un salario medio anual inferior nun 22% ao dos homes, o que supón que para percibir o mesmo salario terían que traballar 71 días máis cada ano.
- A diferenza retributiva anual entre homes e mulleres en Galicia no ano 2015 foi de -5.096,50 €. No último ano, os salarios dos homes en Galicia incrementáronse de media en 684,71 euros, fronte a 296,23 euros no caso das mulleres.
- As mulleres galegas perciben no ano 2015 un salario medio similar ao que percibían os homes galegos no ano 2005.
- Por motivo da brecha salarial, as mulleres en Galicia deixaron de percibir 2.441,2 millóns de euros no ano 2015.
- O salario medio anual das mulleres galegas é un 9,8% inferior ao salario medio das mulleres do conxunto do Estado. Galicia é a quinta CCAA onde o salario anual medio das mulleres é máis baixo.
- Os complementos salariais son unha das claves que explican o diferencial salarial entre homes e mulleres.
- Dúas de cada tres persoas que perciben salarios por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional son mulleres, o 69,37%.

- Nos sectores nos que hai maior porcentaxe de mulleres a brecha salarial é máis elevada, con excepción de educación. En todos os sectores os salarios dos homes son superiores aos das mulleres, con excepción das industrias extractivas.
- Sectores de Industria e Servizos. En ambos sectores as mulleres galegas perciben menos salarios que a media das mulleres do conxunto do Estado.
- Galicia, cun 28,09%, é a terceira Comunidade Autónoma na que a brecha salarial na Industria é máis alta (6,55 puntos superior á media nacional). As mulleres galegas empregadas no sector da industria teñen unha brecha salarial do 18,19% respecto á media do conxunto das mulleres do Estado neste sector.
- No sector servizos un home galego cobra de media ao ano 4.788,7 euros máis que unha muller. A brecha salarial é do 20,97% neste sector (1,23 puntos inferior á media nacional). Pero as mulleres galegas perciben un 9,04% menos de salario ao ano que o conxunto de mulleres do Estado empregadas neste sector.
- A brecha salarial nas empresas de control público sitúase no 5,9% fronte ao 26,8% nas empresas de control privado.
- A contratación indefinida garante uns salarios máis elevados (onde o número de mulleres é inferior) e reflicte unha brecha salarial superior.
- A maior idade maior brecha salarial, pero non por un feito positivo senón porque como xa se viu a temporalidade diminúe a fenda, e a temporalidade é moito máis elevada nas idades máis novas.
- Unha muller non percibe de media un salario superior aos 18.400 euros que os homes ingresan tendo estudos primarios, ata ter unha Diplomatura universitaria ou similar.
- As beneficiarias de prestacións por desemprego son menos (sendo máis as desempregadas mulleres que homes, 116.143 mulleres fronte a 96.415 homes en 2016) e a contía que perciben é inferior á dos homes nun 14,3%.
- Como consecuencia da brecha salarial existente, se temos en conta os días de máis que teñen que traballar as mulleres ao ano para percibir o mesmo salario que un home en Galicia, equivalería ao longo dunha vida laboral de 36,5 anos cotizados (os esixidos no 2018 para poder percibir a pensión máxima de xubilación), a nada máis e nada menos que 10,3 anos máis de traballo para percibir as mesmas cantidades por traballos de igual valor.

- No caso das pensións de xubilación as mulleres galegas perciben un 37,7 por cento menos de salario que os homes (5.556,74 euros menos ao ano).
- 326.013 mulleres galegas perciben pensións de xubilación inferiores ao SMI fronte a 153.976 homes. De media, as mulleres galegas perciben a pensión de xubilación máis baixa de toda España.
- Mentres que no ano 2002 a diferenza entre a pensión de xubilación dun home e dunha muller en Galicia era de 188,48 euros, no ano 2017 elévase a 396,91 euros.
- O 77,1% das pensións non contributivas de xubilación son percibidas por mulleres, sendo o importe medio das mesmas 365,48 euros.
- A UGT esixe a aprobación dunha Lei de Igualdade Salarial, que inclúa o concepto de “traballo de igual valor” e que ademais recolla sancións exemplarizantes para que a igualdade salarial entre mulleres e homes sexa un feito.
- Todo iso, para alcanzar o cumprimento do Tratado da Unión Europea, da Constitución Española e do Estatuto dos Traballadores. Así mesmo pedímoslle ao Goberno que traslade á nosa normativa interna, as recomendacións de cantas normas e recomendacións no ámbito internacional e europeo avogan pola igualdade salarial entre mulleres e homes. En especial as Recomendacións da Comisión Europea en materia de igualdade de retribucións, aprobadas nos anos 2013 e 2014, cuxo nivel de detalle, de ser postas en práctica, permitiría avanzar na eliminación das discriminacións salariais por razón de xénero.
- Esiximos, que en cumprimento do art. 20 da Lei de Igualdade Efectiva entre Mulleres e Homes, as estatísticas sobre salarios inclúan cada vez maior información: maior número de variables analizadas e para todos os todos os territorios de España, que nos permitan realizar unha análise exhaustiva dos salarios reais que perciben mulleres e homes e as súas diferenzas.